

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE XANEIRO DE 2018.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezaoto, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro) (incorpórase no debate do punto 2 antes da votación, ás 20:44h)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. Yago Lage Caramelo
D. José Angel Vieiro Amor

Concelleira non adscrita:

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria accidental, D^a Aurelia M.^a Basanta García.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2017.
2. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ORZAMENTO MUNICIPAL, ANO 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.
3. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 52/2018, DE DATA 16 DE XANEIRO DE 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.
4. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, EN RELACIÓN Á PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

5. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

6. ASUNTOS URXENTES.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2017.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 19 de decembro de 2017, través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a actas da sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2017, por unanimidade de votos a favor (doce), apróbase a referida acta.

2. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ORZAMENTO MUNICIPAL, ANO 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Antes de dar lectura á proposta, xustifica a Sra. alcaldesa a urxencia da inclusión deste asunto na Orde do Día, que non foi debatido en Comisión Informativa debido a que o prazo para presentar as alegacións remataba o pasado día 18 de xaneiro, e ao ter que deixar unha marxe por se chegaban por correo e dado que a Comisión debiera terse celebrado con anterioridade a esa data, é polo que se trae directamente ao pleno.

De conformidade co disposto nos artigos 82.3 e 97.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese ao voto do Pleno a ratificación da inclusión do punto 2 na orde do día; e por unanimidade de votos a favor (12), - cinco do grupo municipal do PSdG-PSOE; dous do grupo municipal de SON de Bergondo-Anova, dous do grupo municipal do Partido Popular; dous do grupo municipal de Veciños de Bergondo; e un da concelleira non adscrita- o Pleno ratifica a inclusión do asunto na Orde do día.

" En sesión plenaria ordinaria celebrada o 19 de decembro de 2017, aprobáronse inicialmente os Orzamentos Municipais para 2018.

No BOP nº 244 do 27.12.2017, publicouse a aprobación inicial dos Orzamentos para o ano 2018.

Segundo informe do Rexistro Municipal de Entrada de Documentos, presentáronse no prazo de exposición ao público, dende o 28 de decembro de 2017 ao 18 de xaneiro de 2018, as seguintes alegacións:

1. Nº de rexistro de entrada 20180000000226 do 15.01.2018. Alegacións presentadas por David Carro Temprano.

Vistos todos os antecedentes de tramitación do expediente de aprobación dos Orzamentos para 2018; visto o informe conxunto emitido pola Interventora e Secretaria accidental en data 19 de xaneiro de 2018, no que se establece nos seus fundamentos de dereito e conclusións o seguinte:

"...PRIMEIRO.- Debe examinarse, en primeiro lugar, a concorrencia dos requisitos de lexitimación esixidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AAPP e en concreto, neste procedemento, o disposto na súa normativa específica, o artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O citado artigo establece:

" Artigo 170 Reclamación administrativa: lexitimación activa e causas

1. Para os efectos do disposto no apartado 1 do artigo anterior, terán a consideración de interesados:

- a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios..."

En relación ás alegacións efectuadas por David Carro Temprano, residente no municipio, a súa lexitimación activa atópase especificamente recollida no citado artigo 170.1.a) do TRLRFL, en relación co disposto no artigo 169.1 da citada Lei.

Polo que, a xuízo destas informantes, procede entender a concorrencia da lexitimación activa do sr. Carro Temprano.

SEGUNDO.- Debe examinarse, en segundo lugar, as causas das alegacións indicadas no seu escrito, e se teñen cabida no disposto no artigo 170.2 do TRLRFL, que establece:

"Artigo 170 Reclamación administrativa: lexitimación activa e causas:

....\\....

2. Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto".

En relación ás alegacións efectuadas por David Carro Temprano, referidas en 9 puntos, tan só a referida no punto 1 do seu escrito, a aprobación extemporánea dos Orzamentos, podería encaixarse no apartado a) do artigo 170.2 do TRLRFL, aínda que a norma que invoca incumplida é a Lei 7/1985, de 2 de abril e non o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o precepto invocado tamén se recolle nos artigos 168 e 169 do TRLRFL.

Respecto das restantes alegacións contidas nos puntos 2 ao 9 do seu escrito, non teñen cabida en ningún dos supostos contemplados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que procede o seu inadmisión.

TERCEIRO.- En relación á alegación efectuada en punto 1 do seu escrito por David Carro Temprano, a aprobación extemporánea dos Orzamentos, que é a única que consideramos admisible, exposta nos seguintes termos:

<<...1- A elaboración do orzamento do Concello de Bergondo para 2017 incumpre ou previsto non artigo 112 da Lei de Bases de Réxime Local, que establece que o orzamento debe coincidir co ano natural aprobarse "antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse", ...\\...>>

En primeiro lugar, entendendo que existe un erro neste punto 1 da alegación presentada e onde di 2017 debe dicir 2018, é certo que tal como establece o artigo 112.4 da LRBRL que a aprobación definitiva do orzamento polo Pleno da Corporación debe realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse, pero isto non impide que o orzamento poida aprobarse unha vez iniciado o exercicio, tal como dedúcese do artigo 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, conforme ao cal, se ao iniciarse o exercicio non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerárase automaticamente prorrogado o do anterior ata a entrada en vigor do novo orzamento, o que sen dúbida permite a aprobación unha vez iniciado o exercicio...."

Interpretación esta corroborada pola Xurisprudencia do Tribunal Supremo, quen en sentenzas, entre outras, a de 22.01.2003, establece no seu fundamento de dereito quinto:

"...(...) Sen embargo, el argumento de extemporaneidad en la aprobación definitiva del presuposto municipal para el año 1993 merece una consideración más detenida.

La presentación y aprobación definitiva de los presupuestos anuales, una vez iniciado el ejercicio económico al que corresponden, se penaliza con la prórroga del presupuesto anterior, sin perjuicio de las posibles modificaciones, ampliaciones y transferencias a que se refieren los artículos 158 a 160 de la LHL. Así lo estipula el artículo 150.6 de la misma, añadiendo que ese efecto se producirá «hasta la entrada en vigor del nuevo presupuesto». Y la doctrina jurisprudencial ha venido interpretando que la extemporaneidad aludida constituye una evidente irregularidad, pero que no implica por sí misma la anulación del presupuesto tardíamente aprobado, si es que éste reúne los necesarios requisitos de viabilidad. Las Sentencias de esta Sala de 18 Ene. y 20 May. 2000 así lo confirman, refiriéndose la primera de ellas a un presupuesto municipal para el año 1992, que se aprobó con carácter inicial en agosto de aquel mismo año y fue publicado en el B.O.P. el día 19 de aquel mismo mes, y la segunda a la impugnación de un presupuesto para 1.992, definitivamente aprobado el 7 Feb. de aquel año.

La doctrina sentada en tales ocasiones es del todo punto exacta. La ineludible obligación de atenerse en unos plazos determinados en la preparación del proyecto de presupuesto general anual y la expresa advertencia de que la aprobación definitiva del mismo habrá de verificarse, a lo sumo, el 31 Dic. anterior al ejercicio correspondiente, es la consecuencia de su misma naturaleza como «expresión cifrada, conjunta y sistemática» de las obligaciones que puede reconocer la Entidad y de la suma de gastos previsibles para el ejercicio de que se trate (artículo 143), que mal se aviene con una previsión que no se anticipe a la realidad de la asunción de los compromisos y satisfacción de las obligaciones correspondientes.

Pese a ello (y esta consecuencia la reflejan las sentencias aludidas), en atención a la posibilidad --con harta frecuencia concurrente-- de que esa previsión formal no se cumpla en plazo, el mismo artículo 150 establece la prórroga obligatoria del presupuesto anterior vigente con el fin de no ocasionar un vacío legal que afecte a la recaudación de los ingresos y la satisfacción de los débitos y obligaciones a cargo de la entidad pública de que se trate, ratificando así para las Corporaciones Locales lo que ya prevé el artículo 56 de la Ley General Presupuestaria con respecto al Estado. Esa prórroga legal no es óbice, sin embargo, para que se produzcan dos resultados: que se puedan efectuar determinados ajustes a la baja, o a la alza, como consecuencia de la extinción de los créditos destinados a servicios o programas que hubiesen de concluir en el ejercicio anterior y del consiguiente margen obtenido con relación al límite global de esos mismos créditos, y que el presupuesto correspondiente al año, extemporáneamente aprobado, produzca sus efectos a partir del 1 Ene. del mismo, entendiéndose hechos los ajustes anteriores y posibles modificaciones, operadas al amparo de los artículos 158 a 160 de la LHL, sobre el presupuesto tardíamente aprobado (artículo 21 del R.D. 550/1990).

Es decir: como claramente se desprende de la normativa legal y se proclama en las Sentencias de esta Sala ya mencionadas, aunque con carácter extemporáneo e irregular, el presupuesto general anual puede ser válidamente aprobado aun traspasado el límite fijado en el artículo 150.2, siempre que sus efectos puedan retrotraerse el 1 Ene. en que hubiese debido empezar a regir (...)"

En conclusión, a aprobación dos Orzamentos fora do prazo establecido na Lei, é unha mera irregularidade non invalidante, segundo a Xurisprudencia do Tribunal Supremo, sempre que os seus efectos pódanse retrotraer ao 1 de xaneiro en que debese empezar a rexer, como será no caso actual, unha vez aprobado definitivamente o documento.

Polo que propoñemos desestimar integramente a alegación 1 formulada polo sr. Carro Temprano, única admisible das formuladas, como se indicou xa no punto segundo do presente informe.

CONCLUSIONÍS

Por todo o exposto nos puntos anteriores, as funcionarias informantes concluímos:

1. Que, polos motivos expostos no punto segundo do presente informe, propoñemos inadmitir as alegacións enumeradas nos puntos 2 a 9 do escrito presentado polo sr. Carro Temprano, por non ter cabida, a xuízo das informantes, en ningún dos supostos contemplados no artigo 170.2 do TRLRFL.
2. Que, polos motivos expostos no punto terceiro deste informe, propoñemos desestimar integramente a alegación formulada no punto 1 do seu escrito, polo sr. Carro Temprano, única admisible das formuladas.
3. Unha vez aprobado definitivamente o Orzamento municipal para 2018, deberá cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos no BOP, segundo dispoñen os artigos 127 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do TRLRFL. De conformidade co número 4 do citado precepto legal, remitirase copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma...."

Polo que esta alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Inadmitir, as alegacións formuladas polo sr. Carro Temprano, contidas nos puntos 2 ao 9 do seu escrito, presentado con núm. de rexistro de entrada 20180000000226 do 15.01.2018, por non ter cabida en ningún dos supostos contemplados no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo. Admitir, consonte coas causas de impugnación do artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a alegación enumerada co número 1 no escrito presentado polo sr. Carro Temprano, e polos motivos expostos no fundamento de dereito terceiro do informe conxunto de intervención e secretaría do 19.01.2018, desestimala integramente.

Terceiro. Aprobar definitivamente o Orzamento Municipal de 2018, así como as súas bases de execución, e a plantilla de persoal funcionario e laboral segundo consta no expediente, e cumprimentar o trámite da súa publicación, resumido por capítulos no BOP, segundo dispoñen os artigos 127 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do TRLRHL. De conformidade co número 4 do citado precepto legal, remitirase copia do referido Presupuesto á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma.

Bergondo, 22 de xaneiro de 2018. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: igual que no ano pasado, preséntanse estas alegacións tituladas *Alegacións*, o día 15 de xaneiro por David Carro Temprano, entón como teñen vostedes na proposta que recolle todo o informe de Secretaría e Intervención, si que hai concorrencia lexítima para o señor Carro Temprano xa que é residente no municipio, pero vou a repetir as causas de alegacións que están tipificadas no artigo 170, e que di .. *unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento*:

a) *Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.*

b) *Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*

c) *Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto..;* polo tanto, so como dicía a secretaria accidental, tan so a referida ao punto un, que é a aprobación extemporánea de orzamentos, podería ter cabida.

Con respecto a este punto un, onde di.. *A elaboración do orzamento do Concello de Bergondo para 2017 incumpre ou previsto non artigo 112 da Lei de Bases de Réxime Local, que establece que ou orzamento debe coincidir co ano natural aprobarse "antes do 31 de decembro...*, obviamente entendemos que debería dicir 2018, e así pois ao iniciarse o exercicio e non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerase automaticamente prorrogado o anterior, como de feito así se fixo.

Relacionase, como xa se fixo o ano pasado, téñense en conta as diferentes sentenzas, e a conclusión é que a aprobación dos orzamentos fóra do prazo establecido na Lei é unha mera irregularidade, non invalidante, sempre que os seus efectos se poidan retrotraer ao un de xaneiro en que debe empezar a rexer; como será no caso actual se é polo tanto aprobado definitivamente este documento.

Polo tanto, a proposta é de inadmitir as alegacións contidas no escrito dos puntos 2 ao 9, admitir a número 1 pero desestimala, e aprobar definitivamente o Orzamento municipal.

Probablemente me adianto a unha cuestión que o ano pasado se manifestou por parte dalgún grupo da oposición, que é por un lado o tema de aprobar definitivamente o Orzamento cando un votou en contra ou se abstivo na aprobación inicial, pois non parece que teña contido nesta propia proposta, pero xa o ano pasado dende a Secretaría xa se dixera que efectivamente tiña que ser así, é dicir, inadmitir e despois desestimar, e o último punto tiña que ser xa a aprobación definitiva do Orzamento, ben certo é que se non se tivesen presentado..., e que incluso non tendo cabida, en moitos concellos xa non veñen ao Pleno, aquí veñen por unha cuestión de seguridade xurídica, pois neste caso xa estaría aprobado definitivamente unha vez cumpridos os trámites de publicación e demais.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: o que vostede dicía, eu non teño nada que dicir aos puntos un e dous, porque hai un informe xurídico que o avala, pero se hai un par de meses votamos en contra do presuposto, hoxe eu vou votar en contra da proposta de ratificar a aprobación do presuposto.

Sr. voceiro do PP: o Bloque, a oposición, e outros Partidos que non teñen representación rexeitan o documento, é síntoma de que isto non funciona e de que as cousas non se están facendo ben, o noso voto vai ser en contra.

Sra. alcaldesa: mais ben é síntoma de que vostedes terían feito outro documento.

Sra. voceira de VB: quizás na Resolución que pretenden aprobar hoxe, debería de incluírse non so os puntos informados desfavorablemente, o que valoraron, como sería ese primeiro punto sobre a lexitimación, senón tamén os outros puntos o polo menos contelos para que no seu día figurasen na acta de sesións do Pleno con todas as alegacións que este cidadá realizou ao presuposto. Quizás non interesa que conste, non sei se non lle interesa ou simplemente non queren, ou que é o que ocorre, pero don David Carro Temprano nas súas nove alegacións dálle unha volta enteira ao Orzamento, e fai unha posición crítica que todos compartimos no seu día porque son apreciacións moi evidentes; por resumir, fala das subvencións nominativas que non parece que estean moi xustificadas, fala da

falta de inversión, polo menos da redución na inversión a pesar de sacar en prensa cada dous por tres o moito que estamos facendo en Bergondo, e todo o que estamos a facer.

Fala de ausencia ou polo menos redución, de políticas de fomento de emprego, de políticas para favorecer a defensa das mulleres con problemas de violencia de xénero, fala dun gasto exaxerado en publicidade e propaganda, non hai mais que ver que estamos todos os días na prensa e creo que iso non é gratis, creo que iso lle está custando a todo o pobo, veremos as facturas, teremos que ilas pedindo pouco a pouco a ver cantos anuncios de prensa teremos que pagar a medio folio de páxina de certos medios moi importantes, que todos sabemos que son moi caros. Tamén considera excesivo o gasto en dietas, en gastos de representación.

De maneira que neses nove puntos hai moito mais que valorar, os informes din que no ha lugar sequera a entrar a comentalos, pero creo que é bo que sexa público o que un cidadá, se ben representa a un Partido político sen representación municipal porqué as alegacións fainas non a título particular senón como representación, neste caso polo membrete, non o digo por outra cousa, que é do BNG, pois fai estas manifestacións, e paréceme como mínimo interesante que consten na acta.

E porqué o diga neste caso quen fala en nome do partido de Veciños de Bergondo, fan que consten e que figuren, polo menos quero facerllo constar así.

Sra. alcaldesa: non constan en acta todos os documentos que forman parte dos expedientes, e a estas alturas tamén incluso vostedes seguramente o saben, e polo tanto se non se entran a valorar é porqué non son alegacións, iso sería outra forma de facer un Orzamento, igual que vostedes, que por certo estarán de acordo con algunha das propostas que se enuncian nese escrito pero que non manifestaron no seu día na Comisión informativa mais no Pleno, farían outro Orzamento, perfecto; eu iso tamén o teño dito moitas veces nas Comisións Informativas e nos Plenos, e por iso estamos en Partidos Políticos distintos e defendemos ideoloxías e pensamento diferente porqué cada un acaba facendo o que quere e o que pode, e a maior parte das veces o que pode.

Polo tanto volvo a repetir, o porqué non se entra no contido desas propostas que fai este señor que por certo no proceso de participación non fixo ningunha proposta, nin como veciño nin como representante dalgunha formación política, non fixo proposta algunha, fainas agora en forma de alegación e xa digo, non teñen nin sequera consideración de alegación, podo entender que eles terían feito outro documento, é a título persoal, e o feito de que ademais sexa a título persoal é polo que ademais están tendo cabida aquí, porqué é a título persoal e como residente no Concello de Bergondo, aquí non figura para nada outro Partido político.

É mais, é que hai cuestións que se nota tanto que é un copia-pega de cuestións presentadas noutros concellos porqué non son realidade, é que non se mirou o Orzamento de Bergondo, e senón agora preguntolle a vostede, que gastos de representación viu vostede en algún decreto que teña o grupo de goberno? Viu algún gasto de representación? aparte das dietas que están ao día de hoxe e que cobran vostedes por asistencia a plenos e a órganos colexiados?

Sra. voceira: aquí o que di este documento, é que ve excesivos...

Sra. alcaldesa: os gastos de representación, e vostede....

Sra. voceira: a min non me pregunte o que di este señor...

Sra. alcaldesa: vostede o compartiu, llo estou dicindo porqué comparte esa sensación, entón como vostede ten acceso a documentación que probablemente este señor non tivo, e por iso digo que foi un copia-pega de documentos presentado tamén noutros sitios, pois esa é a cuestión, e non entramos no fondo porqué non son as alegacións.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: moi breve e de forma moi sinxela. Primeiro, tal e como se di nos acordos, inadmitir; segundo, admitir pero desestimar integramente o segundo punto, e terceiro e o importante, e o que nos interesa a todos á postre; aprobar definitivamente o Orzamento municipal para 2018.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos en contra; grupo municipal do Partido

Popular: dous (2) votos en contra; concelleira non adscrita: un (1) en contra. **Total sete (7) votos a favor e seis (6) en contra.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** a proposta que devén en acordo nos termos antes transcritos.

3. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA N.º 52/2018, DE DATA 16 DE XANEIRO DE 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Antes de dar lectura á proposta, xustifica a Sra. alcaldesa a urxencia da inclusión deste asunto na Orde do Día, que non foi debatido en Comisión Informativa, porque debido ao escaso marxe para remitir a copia do expediente administrativo ao Xulgado, antes do 17 de xaneiro, ditouse o Decreto da Alcaldía que hoxe ten que ratificar o Pleno.

De conformidade co disposto nos artigos 82.3 e 97.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese ao voto do Pleno a ratificación da inclusión do punto 3 na orde do día; e por unanimidade de votos a favor (13), - cinco do grupo municipal do PSdG-PSOE; dous do grupo municipal de SON de Bergondo-Anova, dous do grupo municipal do Partido Popular; tres do grupo municipal de Veciños de Bergondo; e un da concelleira non adscrita- o Pleno ratifica a inclusión do asunto na Orde do día.

"En data 16 de xaneiro de 2018, en virtude do artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, dítase Resolución de Alcaldía nº 52/2018, sobre Persoamento e representación xudicial no recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº3 da Coruña PO 0000255/2017, interposto por Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU contra resolución desta Administración, adoptada polo Pleno da Corporación en data 28 de setembro de 2017 e notificada á empresa en data 9 de outubro de 2017, ditada en expediente sobre desequilibrio económico na concesión; solicitan a remisión do expediente administrativo, Resolución que se transcribe literalmente:

<<Con data 18 de decembro 2017, e núm. de rexistro de entrada 8703, recíbese neste Concello escrito do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 3 da Coruña, no que se notifica que admítase a trámite o recurso contencioso administrativo, procedemento ordinario nº 0000255/2017, interposto por Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU contra resolución desta Administración, adoptada polo Pleno da Corporación en data 28 de setembro de 2017 e notificada á empresa en data 9 de outubro de 2017, ditada en expediente sobre desequilibrio económico na concesión; solicitan a remisión do expediente administrativo.

Considerando que debe preparase o expediente administrativo para a súa remisión ao Xulgado e a defensa municipal; considerando que o escrito chegou o 18 de decembro, data na que xa estaba convocado o Pleno do mes de decembro e dado que de esperar o Pleno do mes de Xaneiro incumpríriase o prazo sinalado na Lei 28/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, procédese a ditar o presente Decreto de Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os casos de urxencia, aínda que segundo o establecido no artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local é competente o Pleno, para o exercicio de accións xurídicas e administrativas e de defensa do concello en materias da súa competencia.

De conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Entes Locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión do 25.05.1988, publicado no BOP núm. 245 de 25 de outubro de 1988.

Visto o artigo 21.1.k) e o 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; en consecuencia, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Persoarse no procedemento citado perante o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 3 da Coruña, en relación ao procedemento ordinario 0000255/2017, exercitando este Concello a súa defensa, encomendando tal defensa e representación ao Letrado-Asesor Xurídico da Excm. Deputación Provincial da Coruña, D. Ramón Valentín López Rey, ou calquera outro Letrado adscrito a dita Asesoría Xurídica, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Entes Locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión do 25.05.1988, publicado no BOP núm. 245 de 25 de outubro de 1988.

SEGUNDO.- Que pola alcaldía se proceda ao outorgamento dos poderes xudiciais que resulten pertinentes e de cantos documentos sexan necesarios a tal fin.

TERCEIRO.- Comunicar esta designación ao Letrado-Asesor Xurídico da Excm. Deputación Provincial da Coruña e ao mesmo tempo facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.

CUARTO. - Remitir o expediente administrativo ao Xulgado do contencioso-administrativo nº 3 da Coruña, para os efectos do disposto no artigo 50.2 da LXCA e emprazar a todos os interesados no expediente administrativo para que poidan comparecer e persoarse en autos mediante Procurador con asistencia de Letrado ou valéndose tan só de Abogado con poder para o efecto, perante o Xulgado do contencioso administrativo nº 3 da Coruña (R/ Capitán Juan Varela s/n. 3º andar. 15007 A Coruña) no prazo de nove días.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación para a súa ratificación na primeira sesión que se celebre...>>

Visto o artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ó Pleno a adopción do presente acordo:

ÚNICO. Ratificar na súa integridade a Resolución núm. 52/2018, de data 16 de xaneiro de 2018, consonte co disposto no artigo 21.1.k) en relación co artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Bergondo, 22 de xaneiro de 2018. A Alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Sra. alcaldesa: o dito antes, a partir desa Resolución adoptada polo pleno en setembro presentase este contencioso por parte da empresa Viaqua, e polo tanto remitimos ao Xulgado a documentación solicitada e tamén encomendamos a defensa neste caso, unha vez mais, tamén neste caso, ao letrado da Deputación Ramón Valentín, ou como se di, calquera outro adscrito. Solicítase a ratificación desta Resolución.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: hai unha cousa que non entendo, vostede di que isto o ten nas súas mans dende o dezaioito de decembro, o quince de xaneiro vostede mandounos un correo dicindo que como non había asuntos para ditaminar non se convocaba a Comisión informativa, cando dous meses ou tres atrás se convocou a Comisión informativa por si acaso había mocións..., e neste caso estamos xa é segundo punto que temos que votar a inclusión na Orde do Día, entón, non me cadra. É verdade que teremos que defendernos de este punto e todo o demais, pero este correo que vostede nos remitiu o outro día está un pouquiños cheo de mentiras, co cal o meu voto vai ser abstención.

Sra. alcaldesa: mentiras non, señora concelleira, e incluso lles poñía no correo que cunha situación tamén de baixa da titular da Secretaría non se ía convocar a Comisión informativa.

Sra. concelleira: ...bo día, esta semana teríamos Comisión informativa,...

Sra. alcaldesa: sei o que lles mandei, señora concelleira...

Sra. concelleira: ...non habendo asuntos para ditaminar e estando a secretaria titular de baixa, non se convoca Comisión, as mocións que se queiran presentar se levarán directamente a Pleno, así que vos solicito que as presentedes con tempo suficiente para incluílas..., pero non hai asuntos para ditaminar, acábanse de ditaminar dous asuntos.

Sra. alcaldesa: e lle acabo de dicir que por prazos non...

Sra. concelleira: pero como non por prazos? dous asuntos que os tiñamos nas mans o quince de xaneiro, porque é do dezaioito de decembro e o outro tamén se acababa o prazo, entón isto non é verdade, que non había asuntos para ditaminar.

Sra. alcaldesa: non, o expliquei antes, e expliquei antes os prazos, se vostede non o quixo entender, pois entón....

Sra. concelleira: iso non é certo...

Sra. alcaldesa: algunha cuestión a maiores referida ao asunto?.

Sra. concelleira: referido ao asunto non teño nada que dicir.

Sra. voceira de VB: gustárame que constara que se trata dunha reclamación que interpón Viaqua contra o concello, reclamación que como ben di a proposta, por desequilibrio económico na concesión, e que reclama ao concello cento cincuenta e un mil seiscientos oitenta e dous con oitenta e oito euros, creo recordar, en función de equis anos por equis diñeiro ao ano, pero a contía do procedemento é de cento cincuenta e un mil seiscientos oitenta e dous con oitenta e oito euros que reclama ao concello e que xa sei que se votou por unanimidade o aprobalo desta maneira pero é importante que se saiba o que se reclama neste procedemento, esperemos que todo saia ao noso favor.

E saudamos o feito de que haxa optado pola representación xurídica da Deputación, como xa llo solicitamos noutras veces, para aforrar custos de despachos...

Sra. alcaldesa: e como xa lle dixen outras veces, neste caso vostede opina porque é unha cuestión que ven a Pleno, e imos decidindo en funcións das necesidades, e xa lle dixen, non sempre podemos acudir..., neste caso pensamos que ao mellor por ser un contrato administrativo de xestión municipal o mellor neste caso era a Deputación quen mellor podía defender os nosos intereses.

Sra. voceira: o único bo desta decisión, toda vez que si sae ben e ganamos perfecto, o problema é que como perdamos aínda por riba perdamos con costas, e ter que pagar esa cantidade e os honorarios dos contrarios.

Sra. alcaldesa: si, ata aí sabemos todos que nun contencioso se nós pode dar a razón ou se lle pode dar á empresa, que de feito nalgún caso tanto esta empresa como outras teñen ganado contenciosos con respecto ao desequilibrio económico financeiro.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) tres abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor e seis (6) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** a proposta que devén en acordo nos termos antes transcritos.

4. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, EN RELACIÓN Á PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A continuación o Sr. voceiro do PP, pasa da dar lectura a moción presentada no Rexistro Xeral o día 19 co núm. 319, que transcrita literalmente di:

"El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Bergondo" conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción: conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La Ley Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal, que entró en vigor el día julio de 2015, introdujo en nuestra legislación la prisión permanente revisable.

Se trata de un instrumento que existe en muchos países de nuestro entorno, en gobiernos de todo tipo de corte político; es una institución coherente, que se incorpora bien a nuestro modelo de garantías y tiene perfecto encaje penal.

La prisión permanente revisable, lo señala claramente la Exposición de Motivos de esta Ley, no renuncia a la reinserción del penado, pues una vez cumplida una parte mínima de la condena, "un Tribunal deberá valorar nuevamente las circunstancias del penado y del delito cometido y podrá revisar su situación personal".

La previsión de esta revisión judicial periódica de la situación personal del penado, idónea para poder verificar en cada caso el necesario pronóstico favorable de reinserción social, dice la Exposición de Motivos, "aleja toda duda de inhumanidad de esta pena, al garantizar un horizonte de libertad para el condenado". Una vez cumplido el tiempo mínimo de la pena, "si el Tribunal considera que no concurren los requisitos necesarios para que el penado pueda recuperar la libertad, se fijará un plazo para llevar a cabo una nueva revisión de su situación; y si, por el contrario, el Tribunal valora que cumple los requisitos necesarios para quedar en libertad, se establecerá un plazo de libertad condicional en el que se impondrán condiciones y medidas de control orientadas tanto a garantizar la seguridad de la sociedad, como a asistir al penado en esta fase final de su reinserción social".

Añade la Exposición de Motivos que "la pena de prisión permanente revisable no constituye, por ello, una suerte de «pena definitiva. en la que el Estado se desentiende del penado. Al contrario, se trata de una institución que compatibiliza la existencia de una respuesta penal ajustada a la gravedad de la culpabilidad, con la finalidad de reeducación a la que debe ser orientada la ejecución de las penas de prisión".

Igualmente señala que "se trata, en realidad, de un modelo extendido en el Derecho comparado europeo que el Tribunal Europeo de Derechos Humanos ha considerado ajustado a la Convención Europea de Derechos Humanos, pues ha declarado que cuando la ley nacional ofrece la posibilidad de revisión de la condena de duración indeterminada con vistas a su conmutación, remisión, terminación o libertad condicional del penado, esto es suficiente para dar satisfacción al artículo 3 del Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemania; 13-11-2014, caso Affaire Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)".

Pese a todo ello, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidad, recurso que el Tribunal Constitucional admitió a trámite en julio de 2015. La admisión a trámite no supone pronunciamiento alguno sobre el fondo del asunto, si bien algunos pretenden la derogación de esta medida sin esperar el pronunciamiento del Tribunal Constitucional.

Así, el 4 de octubre de 2016 el Pleno del Congreso de los Diputados debatió y aprobó por mayoría de los Grupos Parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto y la abstención de Ciudadanos, y solo con el voto en contra del Grupo Parlamentario Popular, fa Proposición no de Ley para la Derogación de la Pena de Prisión Permanente Revisable.

Y más recientemente, el pasado 10 de noviembre, ha sido admitida a trámite una Proposición de Ley de Modificación de la L.O. 10/1995 del Código Penal (Orgánica), que pretende derogar la prisión permanente revisable y que contó con el único voto en contra del Grupo Popular.

Tras estos hechos y actuaciones, son multitud los ciudadanos que han manifestado su apoyo a la pena de prisión permanente revisable como medio para garantizar la seguridad, los derechos y libertades de todos los españoles.

Por todo ello, el Grupo Municipal Popular presenta la siguiente **MOCIÓN**:

PRIMERO.- Su apoyo a la figura de la prisión permanente revisable incorporada al ordenamiento jurídico español por la Ley Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal.

SEGUNDO.- Instar a los diferentes Grupos Parlamentarios con representación en el Congreso de los Diputados a que reconsideren su postura sobre la derogación de la prisión permanente revisable.

TERCERO.- Dar traslado de estos acuerdos al Ministro de Justicia, a los Grupos Políticos Congreso, Senado y de las Cortes, Parlamento de Galicia y a la Junta de Gobierno de la FEMP.

En Bergondo a 19 de enero de 2018. EL PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR"

Sra. alcaldesa: pola parte do Partido Socialista o apoio, como non podería ser doutra maneira, ás familias; pero entendemos que unha moción deste xeito neste momento é aproveitarse de momentos e situacións bastante dramáticas.

Persoalmente, probablemente todos nun momento determinado asinaríamos esas propostas e esas adhesións a *Change.org*, pero o que temos é que pensar dun xeito un pouco mais cabal, e no Partido Socialista non se é mais benévolo cos criminais, digo criminais con maiúsculas ademais neste caso, pero nós seguindo a liña do Partido Socialista imos votar que non á moción. Xa digo, non por iso estamos menos coas familias.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: *ocho de cada diez españoles quieren mantener la prisión permanente revisable, los votantes socialistas son precisamente los que mas respaldan esta medida recurrida por su Partido y difícil de entender*, é verdade que esta é unha enquisa pero como todas algunha parte de verdade debe ter, fronte a ese oitenta por cento que respalda esta medida existe un quince por cento que se declara en contra.

Dito isto, eu son unha dese millón catrocentas mil persoas que asinaron a petición dirixida ao Congreso, de non á derogación da prisión permanente revisable, porque considero que os Grupos parlamentarios que votaron a favor da derogación esqueceronse dos dereitos das vítimas e das súas familias, e escúdanse unicamente nos dereitos dos delinquentes, a maioría social oponse sistematicamente á impunidade dos delitos mais graves, o ven con tristeza e indignación como aos poucos anos moitos delinquentes saen á rúa e volven cometer delitos de sangue, de ver aos terroristas campar ás súas anchas e de ver a asasinados e violadores volver reincidir.

Nos delitos de sangue mais graves, que son os que se contemplan, é necesario que a sociedade teña a seguridade de que o delincente non vai reiterar dita conduta, e mentres non teñamos esa seguridade, é preferible que siga en prisión. E por isto, apelo á sensatez do PSOE, tamén de Ciudadanos coa súa abstención, a condenar estes delitos violentos xa que se non acabarían sendo cómplices.

Tamén voto en falta a implicación do PP, de non sentarse a falar con todos nós e intentar convencernos deste punto tan importante e de invitarnos a ser partícipes desta moción.

E se me permiten, vou lerlles un artigo dun xurista que di si á prisión permanente revisable, e vou dicir os argumentos que utiliza, el preguntase se é inhumana a prisión permanente revisable, se viola a nosa Constitución, se converte a

España nunha bárbara excepción entre as mellores democracias, constitúe unha forma de vingarse desta sociedade, esta é unha das cuestións a resolver coa polémica aberta en España sobre se debe derogarse a prisión permanente revisable, introducida no 2015 no Código Penal so cos votos do Partido Popular, todos sabemos que o PNV propuxo no 2016 a súa supresión co apoio da oposición, a abstención de Ciudadanos, etcétera, e que se está tramitando nas Cortes, para os que entendan que se enfrontan o humanismo e a reacción é evidente, tamén para os que o resolven todo segundo as siglas *como lo ha aprobado el PP vamos a decir que no...*

Son puras simplificacións e demais, e este home analiza tres puntos, a primeira di que *resulta disparatado por falso y demagogico considerar inhumana una pena cuya legalidad ha sido avalada por el Tribunal europeo de Derechos Humanos que la considera ajustada a su Convenio y precisamente este Tribunal prohíbe las penas inhumanas o degradantes, y también ha sido aprobada por el Estatuto de la Corte Penal Internacional*. Segunda, que a expensas do que decida o Tribunal Constitucional cando resolva o recurso plantexado ante el contra a inclusión da PPR no Código Penal, di el que non cree que como xurista *sea contraria a nuestra Ley Fundamental, la Constitución determina que las penas privativas de libertad están orientadas en España hacia la reinserción de los reclusos, reinserción que sería en efecto imposible si la privación de libertad no fuese revisable, cualquiera que lea nuestro Código Penal verá que en el se establece un mecanismo muy garantista de revisión de la pena permanente, que asegura que quien se haya reinsertado pueda recuperar la libertad, afirmar por ello que el término prisión permanente revisable es un eufemismo de cadena perpetua es mentir de un modo obsceno*. E terceira que a pena de prisión permanente revisable está prevista, xa o dixo o portavoz do Partido Popular, *en otros países, como Reino Unido, Alemania, Italia, Francia, Dinamarca, Suiza o Austria*, que non son precisamente a avandadilla da barbarie no planeta, senón todo o contrario, e cuarto, *la prisión permanente no es en ningún caso una venganza, sino una reacción legítima del Estado frente a aquellos criminales que por la gravedad de sus delitos o su peligrosidad, solo pueden recuperar la libertad cuando existen sólidas garantías de que no volverán a delinquir*.

E con isto, evidentemente o meu voto vai ser a favor da no derogación.

Sr. voceiro de VB: a min faime moita graza cando usamos a palabra *hai que estar coas vítimas, aproveitámonos das vítimas*, e falamos das vítimas, pero dóeme mais que no ano 2015, cando se aprobou esta Lei, nun principio esta parte da sociedade o vía ben, excepto certos partidos que o que lles molestaba era o cómputo de toda a lei, seguridade cidadá onde ven recollido esta parte; pois seguimos estando coas vítimas, seguimos dicindo que estamos aproveitándonos de momentos.

Fainos moita graza, que un Partido Político presente xustamente agora isto; grazas a isto o ano pasado aplicouse por primeira vez ao pai que matou aos seus dous fillos cunha motoserra, grazas a isto temos no noso Código Penal algo para que esa xente que mata, como os terroristas, e que saen aos dez anos despois de matar a civís que polo seu traballo defenden a todos os que estamos neste mundo, como os gardas civís, policía nacionais, xuíces, fiscais; incluso políticos do Partido Socialista, Partido Popular...

Polo menos, cando todos os que estamos aquí representados e énchesenos o peito de que estamos coas vítimas, que queremos ser como Europa, demos o paso ao fronte. O que pasa é que o que molesta realmente é que houbo un Partido que no seu día aprobou unha Lei de seguridade cidadá que é a que lles molesta de verdade, porque cando un está coas vítimas non so di que se está aproveitando, da un paso adiante e fai todo o posible para que esas vítimas se poidan ver resarcidas, como? non deixando ver ao que matou ao seu fillo, ou aos seus fillos, aos dez anos pola calle.

A prisión permanente revisable soamente é para casos e delitos moi graves, agora non lles convén e lles molesta que un pai, porque mataron á súa filla dunha forma trágica, inicia unha campaña en *change.org*; eu tamén son deses que asinou, como moitas cousas que asino porque ás veces é o único que podemos facer, non, nós os políticos temos que dar a cara, se lle pasara a vostede que faría? a un dos nosos familiares, que faríamos? estar coas vítimas, pobres..., pois haberá que buscar algo mais para que esas vítimas non saian á rúa.

A reinserción social de todos os presos, que por certo cando saen da cadea teñen dereito a paro, están nuns sitios que non se lles tortura, porque teñen piscinas, teñen canchas de tenis, teñen formación, non están picando na pedra como hai vinte anos.

Pois a prisión permanente revisable é unha obriga que debiamos ter, xa que nos queremos parecer tanto aos demais países europeos; pero sabemos que aquí o que pesa non é estamos coas vítimas..., o que pesa son as letras dos Partidos, e non somos capaces de por unha vez ver mais alá; polo tanto o noso voto é a favor.

Sra. alcaldesa: unha vez mais o voceiro de Veciños de Bergondo a toma co Partido Socialista, a moción é do Partido Popular, e non lle vou dar incluso nin sequera a posibilidade de réplica, porque unha xa se cansa, argumentei o posicionamento do Partido, e argumentei que non era o momento, pero como varias veces se repetiu o tema de Europa, que poñer un exemplo, é que, en Francia ao final se está menos tempo incluso, ningún preso..., un violador múltiple non dura mais de quince anos sen que lle sexa revisada a pena, iso é en Europa; en Alemania o mesmo, co cal ao día de hoxe pódense cumprir as penas sen ter que chegar a isto.

Sr. voceiro se SON de Bergondo-Anova: obviamente hai temas complexos e este é un deles, en España, en Europa, en todos os sistemas penais do mundo dáse o debate e sabemos que o mesmo que os exemplos que se daban, outros países que consideramos avanzadillas da democracia, sistemas democráticos plenamente consolidados, pois teñen outros sistemas penais que contemplan mesmo a pena de morte, a pena capital seguindo diversas formas de execución. Iso non garante que os índices de criminalidade sexan inferiores, mais ben todo o contrario. Polo tanto, non pensemos, non caiamos na tentación de pensar que este tipo de pena asimilable á cadea perpetua, repito, asimilable, non digo que sexa o mesmo, van facer que determinadas condutas, crimes atroces que estamos vendo deixen de producirse, porque por desgraza van seguir producíndose, e quen diga o contrario pois evidentemente estarase enganando.

A min hai unha cousa que doe particularmente, é que aos que estamos aquí a sociedade en xeral parece que non nos doe e non nos chama a atención, é que..., vou deixar á marxe que un Partido político estea presentando unha moción ao fío da actualidade; probablemente todos sabemos cal é o caso de referencia que provoca en gran parte esta moción, caso ultramediático, como casos anteriores que tamén o foron, agora hai un, anteriormente houbo o caso dunha nena de Santiago que tamén foi mediático, o duns pobres nenos de Sevilla que todos coñecemos; e sen embargo vemos como..., estamos coas vítimas, pero esas outras vítimas, eses desaparecidos, eses mortos e mortas en circunstancias igualmente atroces, están reclamando, e nos están dicindo, porque *mi caso no se aborda de la misma manera que ese caso o esos casos*, porque non se destinan os medios necesarios para esclarecer casos..., lembremos por exemplo, a ver se recordamos... porque ao mellor ao fío da actualidade nos machaca con determinados nomes pero non nos recorda outros, Elisa Abruñedo, Socorro Pérez, Sonia Iglesias, casos non esclarecidos, casos que non se investigan o suficiente, polo que parece, esa é a impresión que eu a nivel particular teño, e creo que moita parte da sociedade ten esa mesma impresión. Por iso paréceme que o Partido Popular neste caso é calquera Partido que o faga non debера facer as mocións ao fío da palpitante, quente, e lamentable actualidade. O noso voto vai ser en contra.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos en contra; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous votos (2) a favor; concelleira non adscrita: un voto (1) a favor. **Total sete (7) votos en contra e seis (6) a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

5. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á

Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 27 de novembro de 2017 ao 19 de xaneiro de 2018, ámbolos dous incluídos, numerados do 1115 ao 1254/2017, e do 1 ao 90/2018. O Pleno queda enterado.

6. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Non se presentan

7. ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para a os rogos e preguntas, segundo se presentaron no Rexistro de entrada do concello.

Por parte do grupo do Partido Popular foron presentadas no Rexistro Xeral o día 24 de xaneiro, núm. entrada: 501, pasa a expoñelos o Sr. voceiro do dito grupo, son os seguintes:

- Limpeza das fontes e do seu entorno.

Sr. voceiro: xa que se levou a cabo a sinalización das fontes, que se proceda á súa limpeza e a do seu entorno.

Sra. alcaldesa: fíxose xa unha limpeza no seu momento, volverase a acometer unha segunda fase.

- Recollida das augas en Travesía de San Isidro.

Sr. voceiro: baixan cara a estrada que vai a Sada, abundantemente.

Sra. alcaldesa: é recollida de pluviais, estamos nun concello rural, non pode haber recollida de pluviais en todos lados....., estudarase.

- Reparación aceras en Travesía de San Isidro.

-En San Isidro, a estrada que vai ao Concello, recollida das augas dado que baixan e entran nas casas.

Sra. alcaldesa: refírese vostede a que ven por aquí detrás cara a Casa da Cultura?

Sr. voceiro: si

- Os camiños que se asfaltaron recentemente viron minguado o ancho da estrada debido ao ancho das cunetas.

Sr. voceiro: de feito hai a marca do aglomerado que estaba antes e o do novo, minguáronse bastante.

Sra. alcaldesa: non se mingúan, e de feito iso xa foi unha cuestión que incluso algún veciño veu a comentar co tema da limpeza das cunetas. Nos proxectos van medidos os camiños, e despois os técnicos teñen que comprobar realmente se o ancho do camiño foi o que está asfaltado, si que é certo que esa sensación, ao estar unha cuneta limpa, existe, cando antes non a había, e así tamén llo explicamos a algún veciño; se nun sitio puntual se notan eses anchos terase que corrixir, incluso antes de que se certifique o total da obra, pero polo xeral non, tanto nos contratos que foron unicamente limpeza de cunetas, os que foron asfaltado e limpeza de cunetas, limpeza de cunetas doutras Adminitracións, noutras estradas. A sensación é certo que si existe, pero na realidade os anchos están aí.

- *Con que frecuencia o Consorcio limpa os contedores? Hai varios que están moi sucios e presentan olores.*

Sr. voceiro: en calquera caso, instar ao Consorcio que realice esas limpezas.

Sra. alcaldesa: no Consorcio agora o mesmo o servizo de recollida de lixo, está en proceso dunha auditoría do propio servizo; en inverno se limparían cada trimestre e no verán todos os meses, é dicir, que deberían estar limpos seis veces ao ano, e iso tamén será o que se estea comprobando.

Estou de acordo con vostede que moitos presentan malos cheiros, creo que algunhas veces tamén é culpa de nós mesmos, dos veciños, por non tirar o lixo da forma axeitada, pero doutras obviamente non, os contedores é certo que se teñen que limpar, é unha queixa habitual que adoitamos manifestar continuamente, en diferentes concellos.

- *Alumbrado navideño. Váiselle pedir algunha responsabilidade á empresa porque non funcionaba correctamente.*

Sr. voceiro: houbo algún fallo na zona de Gandarío.

Sra. alcaldesa: o contrato era exclusivamente de colocación dos elementos, elementos que xa ten o Concello en propiedade, polo tanto é certo que había algúns elementos que pola súa antigüidade non están no estado correcto, algúns incluso xa se amañaron o ano pasado, outros este ano, tentaremos ver se algún deles segue sendo recuperable para outros anos e senón dalos de baixa, pero neste caso era a colocación.

- *En Guísamo o lavadoiro que hai na Brea (detrás do tanatorio) está moi sucio. Vaise proceder á súa limpeza.?*

Sra. alcaldesa: si, enlazando xa co primeiro rogo, pois si.

Por parte do grupo de Veciños de Bergondo foron presentadas no Rexistro Xeral o día 24 de xaneiro, núm. entrada: 518, pasa expoñelos o Sr. voceiro do dito grupo, son os seguintes:

1. *¿En qué estado se encuentra la obra de saneamiento de A Senra? ¿Qué consecuencias tendrá que se haya pasado el plazo de la última prórroga para la ejecución concedido por la Diputación y que terminaba en Noviembre de 2017?.*

Sra. alcaldesa: como vostedes puideron comprobar, xa que tiveron acceso ao expediente, segue aínda pendente de informes, é certo que había esa cláusula, pero de primeiras non vai ter esas consecuencias económicas, senón se perde o convenio.

Sr. voceiro: é como o garanten?

Sra. alcaldesa: non se garante, de feito a última comunicación non dicía que iso se fora producir así.

Sr. voceiro: pódeme dicir de cando é a última comunicación?

Sra. alcaldesa: non, porque non o teño aquí, vostede non o preguntou, non teño aquí o expediente.

Sr. voceiro: pero, vostede ten a pregunta.

Sra. alcaldesa: si, e a pregunta é exactamente que consecuencias terá..., e eu lle digo que non vai ter consecuencias económicas.

Sr. voceiro: segundo vostede recibiu unha contestación.

Sra. alcaldesa: si

Sr. voceiro: e se ha recibiu saberá de cando, decembro ou xaneiro...

Sra. alcaldesa: pero como non quero mentir e non teño aquí o expediente, pois é así.

Sr. voceiro: pois mire, imos facer unha cousa, porque eu ao final... Quería preguntarlle ao señor primeiro tenente de alcalde....

Sra. alcaldesa: non, vostede pregunta e quen decide se responde o tenente de alcalde vou ser eu.

Sr. voceiro: esta é para el....

Sra. alcaldesa: non, vostede fai as preguntas.

Sr. voceiro: mire, primeiro, vostede no pleno xa me quita o dereito a réplica...

Sra. alcaldesa: non, mire, voulle dicir claramente...

Sr. voceiro: estou no meu dereito...

Sra. alcaldesa: vostede fai a pregunta e o goberno responde, e non hai lugar a debate...

Sr. voceiro: se é o que fai sempre...

Sra. alcaldesa: polo tanto, señor concelleiro, que quere vostede preguntar?

Sr. voceiro: perfecto, vou volver preguntar..

2. Existe un socavón con un agujero peligroso en la cuesta casi delante de Abanca que ni siquiera está señalizado donde puede caer una persona o animales. En el Pleno anterior ya le pedimos que lo solucionara, ¿cuando lo va a tapar?

Sr. voceiro: non sei cantas veces se pediu, é un espazo público.

Sra. alcaldesa: ben, ímolo solucionar.

Sr. voceiro: pero é que iso o leva dicindo dende hai catro anos, dende que comezou a obra, que o imos a solucionar; é un espazo público non que hai un perigo para...

Sra. alcaldesa: señor concelleiro, unha vez mais lle repito que non hai lugar a debate, vostede pregunta e nós lle respondemos, isto non é un debate dunha proposta nin é o debate dunha moción; vostede pregunta e nós lle respondemos.

Sr. voceiro: perfecto, pois como eu lle pregunto e vostede contesta, dígame cando o vai tapar.

Sra. alcaldesa: proximamente.

Sr. voceiro: proximamente? moi ben

3. ¿Ha habido novedad en el estado del Inventario de caminos?.

Sra. alcaldesa: estivemos repasando o borrador do documento, volvérono a levar con algunhas anotacións e se nos vai presentar cando se acaben de comprobar certa información que volveron levar, non hai nin quince días.

4. En el Pleno de Noviembre preguntamos por la Casa Cortés de Guísamo, que sigue sin limpiarse ¿Se ha requerido a sus titulares como al resto de vecinos para que cumplan con su obligación? ¿Cuando se les ha requerido?.

Sra. alcaldesa: si, o tres de xaneiro se lles notificou a última resolución de Alcaldía, e presentaron alegacións, indicando basicamente..., de feito esas alegacións aínda están sen resolver que son... *que non teñen a propiedade aínda...* que teñen a titularidade pero non a propiedade, polo tanto están pendentes de estudar esas alegacións.

Sr. voceiro: vale; en relación a iso, verdade que o concello algunha vez limpou elementos que non eran municipais para evitar posibles danos ou prexuízos? dígolle tullas..., fincas...

Sra. alcaldesa: fincas?

Sr. voceiro: anacos...

Sra. alcaldesa: particulares non...

Sr. voceiro: particulares non?

Sra. alcaldesa: o que facemos é cumprir a Lei, señor concelleiro.

Sr. voceiro: xa, entón, despois de tres anos de ter unha finca urbana, unha zona urbana cunha finca en total descomposición, toda chea de maleza, que ademais é un grave perigo para os colindantes, aparte da bichería os posibles incendios, se nós non lle preguntamos no pleno, non pasa nada...

Sra. alcaldesa: cal é a pregunta?

Sr. voceiro: que se vai facer algo con isto...

Sra. alcaldesa: xa lle contestei.

Sr. voceiro: moi ben.

5. Una vez instalados los semáforos en Guísamo en la Nacional VI, los vecinos y usuarios demandan que se adapten las aceras para su acceso rebajándolas en ambos lados. En el Pleno de Noviembre ya le preguntamos cuando acometería la obra y sigue sin realizarse, ¿nos puede dar ahora una fecha aproximada?.

Sra. alcaldesa: repase vostede a acta do Pleno de novembro.

Sr. voceiro: repasareina...

Sra. alcaldesa: porqué alí lle contesto que a acometeremos cando fagamos as obras das beirarrúas en Guísamo...

Sr. voceiro: perfecto, pero cando vai ser?

Sra. alcaldesa: vostede mira de vez en cando o Perfil do Contratante?, vostede sabe en que proceso de licitación está agora mesmo esa obra?

Sr. voceiro: mire, señora alcaldesa...

Sra. alcaldesa: soamente..

Sr. voceiro: mire, vostede lle fan unha pregunta, dunha necesidade que hai dos veciños....

Sra. alcaldesa: llo acabo de contestar...

Sr. voceiro: e vostede contesta sempre...

Sra. alcaldesa: llo acabo de contestar...

Sr. voceiro: perfecto, entón direille aos veciños que estean pendentes do Perfil do Contratante....

Sra. alcaldesa: non, non...

Sr. voceiro: é o que me acaba de dicir vostede...

Sra. alcaldesa: vostede é o que debería estar pendente, e saber cando se vai acometer unha obra, xa que vostedes están nas Mesas de contratación, nada mais.

Sr. voceiro: pois lles vou dicir aos veciños que miren o Perfil do Contratante, tal e como vostede me aconsella....

Sra. alcaldesa: dígalle aos veciños que nos pregunten a nós, que sabemos responderlle moito mellor que vostede.

Sr. voceiro: por iso a seguinte pregunta ten mais delito.

6. *¿Por qué no publican los contratos menores en la página web del Concello?*

Sra. alcaldesa: isto é mentira, si se publican. Están pendentes de publicar os do terceiro trimestre, e hai poucos concellos que estean tanto ao día como nós...

Sr. voceiro: ten toda a razón...

Sra. alcaldesa: polo tanto, a pregunta é unha mentira. O que vostede quere trasladar é que non cumprimos coa normativa, está pendente o terceiro trimestre porqué a acumulación de traballo no último mes de decembro no Departamento é brutal; a semana que ven probablemente estarán publicados.

Sr. voceiro: unha mentira?

Sra. alcaldesa: si..

Sr. voceiro: se revisa vostede o que é a palabra mentira, é cando se falta á totalidade da verdade, e aquí o que lle estou dicindo é que na páxina web non están publicados os contratos menores, e vostede di que é mentira, e despois dime que lle falta unha parte.

Sra. alcaldesa: e eu lle digo que si, que non están os do cuarto trimestre, é obrigatorio que estean os do cuarto trimestre?

Sr. voceiro: non, pero sabe o que pasa? que aquí se vende moito a transparencia, do cal estou moi orgulloso...

Sra. alcaldesa: non, vostede non creo que estea orgulloso; por favor, pase á seguinte pregunta.

Sr. voceiro: a seguinte pregunta a imos a obviar.

Sra. alcaldesa: a van a obviar.

Sr. voceiro: si, porqué imos facer doutra maneira no seguinte pleno, porqué xa que contamos mentiras, imos facer outra cousa.

Sra. alcaldesa: e porqué aquí, tamén se dan conta de que é unha chafullada a pregunta que fan.

Sr. voceiro: pois a chafullada é, porqué nos custa catro mil euros colocar os puntos de luz que son nosos, municipais? tres mil e pico?

Sra. alcaldesa: quizá porqué temos que licitar a colocación?

Sr. voceiro: xa, pero, e lle parece ben que os veciños teñan semellantes puntos de luz? lle parece ben que sexa a iluminación dun concello? pois nada, perfecto, non se preocupe que llo fago doutra maneira para que vostede non poida...

Sra. alcaldesa: tamén nesta..., como non se entera de nada.

Sr. voceiro: a min, faga o que queira, chámeme o que queira, pero non me trate como trata aos seus, a min non me chame mentiroso....

Sra. alcaldesa: señor concelleiro, quere por favor repetir...

Sr. voceiro: se a súa xente llo permite, o meu dereito é que manteña o respecto, sempre está igual....

Sra. alcaldesa: señor concelleiro, o respecto si, pero é bidireccional, polo tanto, unha vez mais....

Sr. voceiro: fáltolle ao respecto eu?

Sra. alcaldesa: si, señor concelleiro, falta ao respecto cando conta mentiras, e falta ao respecto cando non se informa debidamente, porque hai cuestións que efectivamente poden dar lugar a dúbidas...

Sr. voceiro: pois mire, por non levar a dúbidas...

8. *Después de los errores que contienen los calendarios de 2018 contratados, qué medidas se ha tomado con la empresa? ¿Cuanto se les ha abonado por elaborar los calendarios?.*

Sra. alcaldesa: pois é certo que conteñen, sobre todo un error bastante importante, un erro que nos molestou moito, pero si se refire a que a factura se paga, efectivamente pagase, o traballo está feito aínda que non estea de todo correcto. Vánsenos entregar uns calendarios, non todos obviamente, coas datas correctas.

Sr. voceiro: perfecto.

9. *¿Cuántas plazas de empleados que se encuentran de baja están sin cubrir en la actualidad?.*

Sra. alcaldesa: pois ao día de hoxe hai cinco persoas que están de baixa; dúas están cubertas, unha de feito é a secretaria, con persoal municipal; dúas que son do Servizo de axuda no fogar, tal e como di o contrato do SAF externo coa empresa, e a baixa da policía local non se pode cubrir porque non existe a fórmula.

10. *¿Cuál es el proceso utilizado para cubrir las plazas de empleados que se encuentran de baja?.*

Sra. alcaldesa: depende de quen estea de baixa, xa lle acabo de dicir que practicamente non se cubren as prazas dos empregados de baixa, a normativa nese sentido é moi estrita, e cando se fai obviamente procesos de selección público como é obvio, excepto os que veñen directamente polo INEM que nunca son para cubrir baixa. Para cubrir as baixas son procesos de selección que habilitan unhas bolsas de traballo, unhas bolsas polas que despois se establecen unhas listas de reserva e que imos facendo uso delas.

11- *¿Por qué no se da publicidad a estas plazas para que se puedan presentar los vecinos?.*

Sr. voceiro: porque cremos que podiamos darlle publicidade a esas prazas, non tirar dunha lista, non?

Sra. alcaldesa: pois non, señor concelleiro, porque iso significa facer outro proceso de selección, cando un fai un proceso de selección no que se presentan, por exemplo, e falo de memoria, oitenta persoas para cubrir unha baixa que vai ser moi concreta, ás veces tardamos mais en facer o proceso de selección en que a persoa titular se incorpore ao seu posto de traballo, e claro que lle damos publicidade...

Sr. voceiro: e que me está dicindo que tiramos dunha lista....

Sra. alcaldesa: dámoslle publicidade no Boletín da Provincia, na páxina web do concello, nas redes sociais do concello, en todos os medios se anuncia que hai procesos de selección de persoal; xa digo, excepto cando son os procesos que ven a xente exclusivamente do INEM.

Sr. voceiro: pero non di que tiran dunha lista para ser mais rápido...

Sra. alcaldesa: cando coincide que hai unha lista si, claro, e senón habería que facer outro proceso diferente, co tempo que leva un proceso dese calado; o ultimo proceso que fixemos foi para a substitución da Traballadora Social, se non me falla a memoria, e case tardamos mais de tres semanas en telo rematado. Por iso digo, que moitas veces se incorpora antes o titular do posto.

Sr. voceiro: teño uns rogos. Rogamos ao primeiro tenente de alcalde, se ten o favor de recibirnos e acompañarnos a Moruxo a ver un par de veciños para falarlles dos taludes.

Rogamos ao primeiro de alcalde...

Sra. alcaldesa: refírese vostede aos taludes da praia do Regueiro?

Sr. voceiro: si

Sra. alcaldesa: vale, simplemente para saber do que estamos falando.

Sr. voceiro: o dixeran ao principio...

Sra. alcaldesa: falou de Moruxo, por iso lle digo se é no Regueiro

Sr. voceiro: é o mesmo, Moruxo e o Regueiro eu creo que é o mesmo...

Sra. alcaldesa: non, Moruxo é mais grande.

Sr. voceiro: rogámoslle ao primeiro de alcalde se nos pode dar un día de cita para acompañarnos a Lubre, a visitar a un par de veciños que levan pedindo cita coa señora alcaldesa dende hai mais de dous anos, para que vexa que non mentimos, por un tema de asfaltados.

Rogamos ao primeiro de alcalde que nos dea cita, para cando vostede teña un rato, para acompañarnos a detrás da licenza de carpintería cun puticlub dentro, a ver o rebosadoiro das augas fecais que caen sobre a Fonte da Virtude.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria accidental, que dá fe.

A secretaria accidental
Aurelia M.^a Basanta García

V. e pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez